

Francisco Javier Martínez Santiso (II): «inteligente de obras» e artista

ALFREDO ERIAS MARTÍNEZ*
JOSÉ M^a VEIGA FERREIRA**

Sumario

Continuamos aquí unha serie de traballos destinados a coñecer a obra técnica e artística de Francisco Javier Martínez Santiso, comezando pola súa faceta de «inteligente de obras», semellante ó que hoxe sería un aparellador ou mesmo un arquitecto.

Abstract

We continue here a series of works aimed at understanding the technical and artistic works of Francisco Javier Martínez Santiso, commencing with his facet as “superintendent of works”, similar to what today would be a surveyor or architect.

Continuamos sacando á luz a obra de Francisco Javier Martínez Santiso (Betanzos 1868-1934) que se conserva no Arquivo Municipal de Betanzos, un home que non deixará de darnos sorpresas.


Segundo o traballo anterior, recollemos aquí máis proxectos e croquis da súa faceta de «inteligente de obras» no concello e outras cousas más. Poderemos ver: mapas e planos de Betanzos e das súas antigas xurisdicións, proxectos de obras de rúas e alcantarillado, de pontes, do kiosko da música, dos cemiterios de Betanzos e de Bergondo con edificios a eles destinados, proxecto de campana para a igrexa de Santiago ou de castelos para velas da confraría da Concepción, de moblaxe e disposición de edificios públicos, de insignia da Alcaldía de Betanzos, debuxos que reconstrúen a Porta da Vila desaparecida, así como as murallas e outros de igrexas do municipio e de detalles do románico galego, sen esquecer os escudos da cidade e unha copia retificada dun gravado de Jenerao Pérez Villamil na que semella que se insertou o propio autor a maneira de autorretrato.




AMB

* Alfredo Erias Martínez é director do Anuario Brigantino, do Arquivo e Biblioteca Municipais de Betanzos e do Museo das Mariñas, ademais de pintor. <http://www.alfredoerias.com>

** Xosé M^a Veiga Ferreira é licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela e traballa no Arquivo Municipal de Betanzos.




Mapa realizado no 1907 das antigas xurisdicciones da provincia de Betanzos. AMB, c-4394.




Mapa de D. José Pérez García do partido xudicial de Betanzos, correxido por F. J. Martínez Santiso no 1917. AMB, c-4394.




Boceto de plano de Betanzos realizado antes de setembro de 1907, data na que cambia o curso da ría, debido ó ferrocarril. AMB, c-4394.




Boceto de plano de Betanzos realizado na 2ª década do s. XX. AMB, c-4394.




Portada do proxecto de obras de alcantarillado das rúas da Marina e do Peirao.
1902. AMB, c-572.




Proyecto de obras de alcantarillado das rúas da Marina e do Peirao. 1902. AMB, c-572.



Croquis do «Barrio» do «Peirao». 1903. AMB, c-4394.




Croquis do «Barrio» do «Peirao». 1903. AMB, c-4394.




Distintos aspectos do plano xeral de pavimentación da Porta da Vila. 1907. AMB, c-520.

Anuario Brigantino 2004, nº 27




Distintos aspectos do plano xeral de pavimentación da Porta da Vila. 1907. AMB, c-520.


Anuario Brigantino 2004, nº 27




Proxecto entregado gratuitamente polo autor ó concello, de empedrado da rúa dos «Ángeles», popularmente coñecida como «A Cañota». 1911. AMB, c-521.




Plano da «Plazuela de los Carros» e «Travesía de la Marina». 1912. AMB, c-521.




Proyecto de embaldosado, rasantes e alañiacionés da 2ª travesía da Marina, popularmente coñecida como rúa do Peirao. 1913. AMB, c-521.




Plano de sección de encachado e alcantarillado da parte recta da rúa da Marina. 1930. AMB, c-3437.




Plano da «antigua Calle de Quiroga
ó Tercera Travesía de la Rúa
Traviesa». 1931. AMB, c-3437.




Plano da «antigua Calle do Ouro ó
Cuarta Travesía de la Rúa
Traviesa». 1931. AMB, c-3437.




Plano da «Plazuela de Gil» no barrio da Ribeira. 1932. AMB, c-3437.




Proposta de reparación
da ponte do Marulo. 1932. AMB, c-512.



del fondo, las de repartir sobre las de tensión. El hormigón será de 300 a 350 kilog.^d de cemento de fraguado lento, 0'40 metros cúb³ de arena silíca buena, y 0'80 metro cúb³ de gravilla limpia: en volumen, cemento 2, arena 3, gravilla 6. El espesor en los 80 ó 87 centim.^d centrales, de 14 centímetros y en los lados de 16 centim.^d. La masa hogarica, bien apisonada.



Esquema de la disposición de la armadura del forjado en una de las cabeceras y en el apoyo



Croquis de alzado y planta del estado actual da Ponte da Gávea y de la planta de las obras que se proyectan = Escala $\frac{1}{50}$ = 2 cm por metro.


Padranzo 19 agosto 1933.


F. Javier Martínez Santiso

Croquis da ponte da «Gávea» (estado actual e obras que se proxectan). 1933. AMB, c-513.




Proyecto de kiosko da
Banda de Música. 1913.
AMB, c-540.






Borrador de kiosko da Banda de Música. (arredor de 1913). AMB, c-7742.

Anuario Brigantino 2004, nº 27




Borrador de kiosko da Banda de Música. (arredor de 1913). AMB, c-7742.




Borrador de kiosko da Banda de Música. (arredor de 1913). AMB, c-7742.




Croquis de las obras en la Academia de Música. 1901. AMB, c-538.




Croquis da disposición de mobles na sala capitular do concello de Betanzos. Abaixo, «Mesa-pupitre de dos plazas para los concejales». 1905. AMB, c-542.






*Croquis de obras na casa
consistorial de Betanzos. 1934.
AMB, c-7742.*




Anuario Brigantino 2004, nº 27



Croquis das «Escuelas Jesús García Naveira». 1934. AMB, c-542.



Reconstrucción dun torreón, cerca e contracera das murallas de Betanzos. 1930. AMB, c-4394.
Abaixo e na páx. seguinte, distintas reconstrucións da Porta da Vila, baseadas nun debuxo feito de memoria do contemporáneo da súa destrucción (1872), Manuel García Faíde. 1914. AMB, c-4394.





BETANZOS - A Porta da Vila, ante de
su derribo, regim' dibujo hecho de memoria
por D. Manuel García Gaílde.

(Manuel García Gaílde)
1914.




Debuxo da capela de San Roque antes do cambio de fachada de 1886. 1885. AMB, c-4394.

Acuarela da igrexa de Santiago, de Betanzos antes de se realizar as dúas torres neogóticas que hoxe vemos. 1891. AMB, c-4394.






Debuxo da igrexa de San Martiño de Tiobre. 1895. AMB, c-4394.




Debuxo da igrexa de San Martiño de Brabío. 1912. AMB, c-4394.




Distintos debuxos de monumentos medievais, entre eles, aspectos do románico galego (San Xoán de Ribadavia, «Mosteiro de Pontevedra», Ramirás). 1925 (debuxo inferior). AMB, c-7742.







*Arriba, proxecto de panteón.(?). AMB, c-4394.
Á dereita, proxecto de retablo para San Estevo de
Piadela. 1903. AMB, c-4394.*






*Debaixo, recreación da fachada dunha igrexa
románica, baseada na de Santa María de
Cambra. (?). AMB, c-4394.*








Borrador de plano do «Cementerio Civil de Betanzos». 1918. AMB, c-4394.






Nesta páx. e na seguinte,
croquis e proxecto de edificio
central dun «Cementerio
Católico». 1918.
AMB, c-4394.






Proxecto de capela e porta do «Cementerio Católico» de Betanzos. 1920. AMB, c-4394.




Proxecto de ampliación do «Cementerio de Bergondo». 1920. AMB, c-4394.




Estes debuxos, realizados probablemente por Rosina Martínez, son copias de outros de seu pai, de 1923,

que se utilizaron para ilustrar o folleto: Datos para la historia de la Ilustre Cofradía de la Concepción y Santa Vera-Cruz de Betanzos. AMB, c-4394.



Proxecto de campana, que donaría ó concello de Betanzos o filántropo D. Manuel Naveira González (a través do seu testamento e do seu fillo, D. Roque). Esta e outras instalaríanse nunha das torres novas da igrexa de Santiago, como parte dun reloxo público, no 1927. AMB, c-4394.




Debuxos orixinais, de 1923, que se utilizaron para ilustrar o folleto: Dados para la historia de la Ilustre Cofradía de la Concepción y Santa Vera-Cruz de Betanzos. AMB, c-4394.






Proyecto de bastón de mando e insignia da Alcaldía, do concello de Betanzos. 1929. AMB, c-4394.



Septúclos de Hernan Pérez de Andrade (ó bico) en la iglesia
del convento de S. Francisco de Betanzos - 1880.

Debuxo fantaseado do sepulcro de Andrade, baseado nun famoso gravado de Jenaro Pérez Villamil. Aquí semella que o autor (FJ Martínez Santiso, que non asina) se autorretrata á beira do moimento, substituindo ós persoaxes populares de Villamil. 1880. AMB, c-4394.



Acuarelas do escudo de Betanzos. 1932. AMB, c-4394.